

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2024/G005/000016.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións o vindeiro **mércores**, día **24 de abril de 2024, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN ADOPTADA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7 DE DECEMBRO DE 2023, EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO 2021/Y001/000239, PARA CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO NA PARCELA D-6 DO SECTOR SUR-K (UZPI-2.R) (2024/P014/000001).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO NA AVDA. DAS AMÉRICAS, NÚMERO 25 – AVDA. MARQUÉS DE OMBREIRO (EXP. 2022/Y001/000122).

ÁREA DE GOBERNO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA

MEDIO AMBIENTE

3. TERCEIRA CONVOCATORIA HORTOS URBANOS. VALIDACIÓN DO DECRETO NÚM. 913/2024, DO 2 DE FEBREIRO DE 2024, DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA E APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE AUTORIZACIÓNS HABILITANTES PARA A OCUPACIÓN E USO DOS HORTOS URBANOS MUNICIPAIS SITUADOS NO PARQUE DE PAXARIÑOS. ANO 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

FACENDA LOCAL

4. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA A LEGALIZACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA ALMACÉN EN RIVA LAN, SAN

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-04-23 14:23:06.00)

CVD: FN63WICbAMTY4xsdj5e

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 3726/2024

ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac3265529882766398572.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-4-2024

PEDRO DE SOÑAR.

FOMENTO

5. APROBAR O TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E O CLUB JUDO LUGO CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DO EVENTO "JUDO XIX TROFEO CIDADE DE LUGO" ANO 2024.

PERSOAL

6. MODIFICACIÓN DO ACORDO 15/55 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD PARA CATRO PRAZAS DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA LIBRE (2 OEP 2020, 1 OEP 2021 E 1 OEP 2022) ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2023.

7. RECTIFICACIÓN DE DIVERSOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO RELATIVOS Á APROBACIÓN DE BASES ESPECÍFICAS PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE DIVERSAS PRAZAS DE PERSOAL FUNCIONARIO NO QUE RESPECTA Á COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DOS CORRESPONDENTES PROCESOS SELECTIVOS.

CONTRATACIÓN

8. CONTRATACIÓN DUN SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO PARA OS ASISTENTES E PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2024-C003-000008

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á Vicesecretaria, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo.